



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

PRODUTIVIDADE: A CIG gaña o Contencioso

Como xa comunicabamos na nosa nota informativa do 1 de decembro de 2009, a CIG presentou no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a denuncia pertinente nese xulgado pola negativa do Delegado Especial a facilitarnos os criterios de reparto da produtividade na nosa Delegación Especial.

Pois ben, como non podía ser doutro xeito, os tribunais recoñecen o dereito da Confederación Intersindical Galega, como organización sindical representativa dentro da Axencia Tributaria, a ter acceso a esa información e a que se nos facilite a normativa vixente, resolucións, etc que amparen o xeito de repartir a produtividade .O propio xuíz, na sentenza, aduce que non pode haber motivo que xustifique a negativa a facilitar eses criterios, salvo que haxa algún tipo de interese, por parte do Delegado Especial, de ocultar deliberadamente esa información. A día de hoxe estamos á espera de que nos faciliten o solicitado e, se non é así, pediremos a execución da sentenza, como en dereito nos corresponde. Non é de recibo, pois, estar vendo, trimestre a trimestre, que o reparto da produtividade faise sen criterio coñecido e que ninguén nos poida explicar as enormes diferenzas que hai entre os distintos subgrupos, cos subgrupos A1 cobrando, como mínimo, 30 veces máis que un Auxiliar Administrativo.

Desde a CIG estamos tamén a levar este tema ao Congreso dos Deputados mediante as correspondentes interpelacións e preguntas para que "as súas señorías" coñezan o que está a pasar nesta casa e tomen conciencia da situación inxusta que se está a producir coa produtividade na AEAT. Tamén pediremos a comparecencia do Sr. Pedroche, Director da AEAT, para que dé a cara e as explicacións oportunas ao respecto.

Achegamos, coa nota informativa, a sentenza a favor da CIG-Axencia Tributaria.

SEGUIREMOS INFORMANDO

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF: 981 61 68 89-EXT.: 868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

WWW.CIGAEAT.COM